



O 17 de maio de 2008 dedicarase a Xosé María Álvarez Blázquez

O Día das Letras Galegas de 2008 será dedicado á figura do tudense Xosé María Álvarez Blázquez. Así o acordou esta fin de semana a Real Academia Galega.

O escritor naceu en Tui en 1915 e faleceu en 1985. Publicou en vida tres libros de versos "Poemas de ti e de min" (1949), "Roseira do teu mencer (1950) e "Canle segredo" (1976).

A Real Academia reconece que "Poemas de ti e de min ti" paga un belo tributo ao populismo, ao imaxinismo e ao neotrobadurismo; "Roseira do teu mencer", constitúe un libro "profundamente conmovedor, pois ninguén cantou na nosa lingua a emoción da paternidade, e en canto a "Canle Segredo" é un libro "grave, sabio e profundo" do que o escritor Méndez Ferrín dixo que se se publicase no tempo en que foi escrito sería o sinal dun cambio de rumbo da poesía galega.

O poeta galardoado destacou, no seu papel de editor, en 1950 fundando con Luís Viñas Cortegoso, a Editorial Monterrey, que conta co mérito histórico de amparar o nacemento da denominada Nova Narrativa Galega coa publicación de libros fundamentais de Rodríguez Mourullo.

Máis importante foi a súa segunda etapa, iniciada en 1967 en Edicións Castrelos, á que se lle debe a colección "O Moucho" e a popularización da obra de Rosalía e de Curros Enríquez.

Unha personalidade vinculada á cidade de Tui polo seu nacemento en 1915, porque nesta cidade iniciou os seus traballos de investigación sobre a prehistoria, e ocupaba unha praza de mestre durante o estalido da Guerra Civil, que tan dramaticamente lle afectou, ao fusilar ao seu pai, o médico Darío Álvarez Limeses, e así mesmo ser depurado como mestre e trasladado a un pobo de Zamora. Logo da súa excedencia voluntaria, en 1942, comezou en Vigo un intenso labor cultural.

Lembramos que a candidatura de Xosé María Álvarez Blázquez fora apoiada con sendos comunicados á RAG polo Concello de Tui e polo IES San Paio, entre outras entidades.

Aberto o prazo de inscrición para a IX Subida ao monte Aloia

Será o sábado 21 de xullo cando se celebre a IX Subida ao Monte Aloia que organiza o Club de Atletismo Tui.

A saída está prevista para as 20.30h e establécese un tempo máximo de 1h e 45 minutos.

Establécense tamén distintas categorías tanto en homes coma en mulleres, e haberá trofeos para os catro primeiros de cada categoría, para o primeiro e primeira da xeral, para o primeiro e primeira do Baixo Miño, e para o participante de máis idade.

As inscrición desta IX Subida pódense facer ata o 12 de xullo ingresando 7€ na conta aberta para tal fin en Caixanova, e enviando os datos por fax ao 986.60.21.70 ou por correo electrónico a atletismotui@gmail.com

Pódese ampliar esta información na web www.atletismotui.org

A Delegación de Oxford satisfeita da súa visita ao Centro Interfederado de Tui

O Concelleiro de Deportes do Concello de Tui amósase convencido de que o equipo de remo da universidade de Oxford poderá facer os seus adestramentos e concentracións na cidade, logo da boa impresión que se levou a delegación da universidade que estivo en Tui esta semana.

A delegación de Oxford estivo formada polo Xefe de Remo da Universidade de Oxford e o seu axudante Andy Neylor, xunto con Jacqueline Oneil representante desta universidade en materia de remo en España.

PORTADA

NOTICIAS

[A GUARDA](#)
[TUI](#)
[O ROSAL](#)
[OIA](#)
[TOMIÑO](#)
[BAIXO MIÑO](#)
[OUTRAS NOVAS](#)
[DEPORTE](#)
[OCIO](#)
[CITAS](#)
[DEMOGRAFÍA](#)
[ENTREVISTAS](#)
[COMUNICADOS](#)
[PORTUGAL](#)
[HEMEROTECA](#)


PÁXINAS

[REPORTAXES](#)
[FESTAS DO MONTE](#)
[RECREO ARTÍSTICO](#)
[GUARDÉS](#)
[CASINO DE CAMPOSANCOS](#)
[D'CONCELLO DA GUARDA](#)
[RÚAS DA GUARDA](#)
[VARIA](#)
[FOTOSAYER](#)
[IMAXES](#)
[PATRIMONIO](#)
[arquivo e documentación](#)
[XENTES de Ribadavila](#)
[AXENDA](#)
[CAIXÓN DE SASTRES](#)
[ENLACES](#)
[EMPREGO](#)
[Predición de MAREAS](#)

O concello de Tui apoia a “candidatura” de Xose María Álvarez Blázquez ao Día das Letras Galegas 2008

A Xunta de Goberno Local do Concello de Tui na súa xuntanza de onte, mércores 27 de xuño, adoptou, entre outros, o acordo de dirixirse á Real Academia Galega solicitando que o “Día das Letras Galegas” do vindeiro ano 2008 se dedique á figura do egrexio escritor tudense Xosé María Álvarez Blázquez.

Este acordo foi adoptado a proposta do Concelleiro de Cultura, Moisés Rodríguez Pérez, tras coñecer por diversos medios de comunicación que unha das figuras ás que podería dedicárselle a vindeira edición do “Día das Letras Galegas” é o tudense Xosé María Álvarez Blázquez. Con este apoio o concello de Tui quere amosar o seu interese na recuperación e difusión desta personalidade que tanto traballou a prol da cultura de Galicia como creador literario, como historiador da nosa literatura, como investigador na prehistoria e historia de Galicia, como editor e como animador incansable da cultura do país.

Un persoeiro vencellado á cidade de Tui polo seu nacemento en 1915, porque nesta cidade iniciou os seus traballos de investigación na prehistoria, ou nesta cidade ocupaba unha praza de mestre no estoupido da Guerra Civil, que tan dramáticamente lle afectou, ao ser fusilado seu pai, o médico Darío Álvarez Limeses, e mesmo ser depurado como mestre e trasladado a un pobo de Zamora. Logo da su excedencia voluntaria, no ano 1942, comezou en Vigo un intenso labor cultural que lle ocupou toda a súa vida.

Para o Concello de Tui é unha honra que esta figura importante das nosas letras teña nacido nesta localidade, á quen adicou parte dos seus escritos e investigacións. De confirmarse esta designación, di o concelleiro de Cultura tudense Moisés Rodríguez Pérez, sería unha honra para a cidade e posibilitaría a recuperación para a memoria colectiva dos tudenses deste egrexio persoeiro, ata agora escasamente recoñecido en Tui e mesmo en Galicia enteira.

Mércores, 27 de xuño de 2007

A comunidade educativa de Pazos de Reis esixe melloras no centro antes do comezo do próximo curso

Alumnos, pais e profesores do Colexio de Pazos de Reis protagonizaron onte a mañá unha manifestación que lles levou dende o centro escolar ata a praza do Concello co obxecto de demandar melloras na situación que cualifican de “lamentable” na que se atopa o centro, que amais de presentar desperfectos motivados pola súa antigüidade, ten 50 anos, quedouse pequeno para albergar a todo o alumnado. A solución definitiva pasa pola construción dun novo colexio no que parece haber unanimidade entre os distintos sectores implicados, pero coma o novo edificio non será factible ata dentro de 2 ou 3 anos, solicitan que mentres o actual colexio sexa reparado para poder seguir traballando no mesmo.

Silvestre Gómez Xurxo é o director do Colexio de Pazos de Reis, que explicaba na sintonía da Radio Municipal que coa manifestación querían deixar constancia de que o centro ten que ser amañado.

No concello entregaron unha listaxe coas necesidades urxentes que consideran é preciso acometer neste verán aproveitando as vacacións e que enviaron tamén á Delegación Provincial de Educación.

Dende a Dirección do Centro agardan que o concello se poña ao fronte das reformas necesarias, tanto na medida en que lle poden corresponder, coma xestionando as posibles axudas doutras administracións.

Gómez Xurxo explicaba que onte estivo no centro a nova concelleira de Educación, Patricia Ricón Soliño, quen explicou que algúns arranxos coma o pintado, tratarán de empezar de inmediato, avanzando que os arranxos nos colexios comezarán en Pazos de Reis.

Pola súa banda a concelleira de Educación, Patricia Ricon, confirmaba á Radio Municipal de Tui que as tarefas de mantemento que o concello acomete cada ano nos centros escolares de Tui, inicianse por Pazos de Reis, ao ser este o colexio onde máis